

## O PAPEL DA MULLER

O papel da muller, como todos sabemos, non está valorado. Quero aclarar que a miña opinión non vai ser feminista, xa que a min persoalmente termos como feminismo ou machismo non me gustan e non os vexo ben, xa que os extremos nunca son bos. O termo que me gusta e que considero mellor para todos e todas é IGUALDADE. Esta palabra, se a buscades no dicionario, aparece, pero na vida real non existe.

Nunha casa na que haxa unha familia que teña un fillo e unha filla, a educación que lles dean ten que ser igual, sen facer distincións porque sexan de distinto sexo. Se ti educas a túa filla como a responsable de todas as tarefas da casa e ao teu fillo como o rei da cas, de xeito que non faga nada, está sendo machista e non pode ser así.

Eu vexo ben que nun matrimonio con fillos no que o home traballe fóra da casa e a muller non, que sexa ela a que faga as cousas da casa. Pero el, cando chega do traballo pode coidar os nenos mentres ela fai a comida ou ao revés.

Hai xente que cre que facer os labores dunha casa e coidar aos nenos non é traballar, e logo, que é? A xente que pense isto que lle cambie o traballo á súa muller ou nai, a ver se é traballar ou non. Eu non estou a dicir



que o traballo que poida ter o home non sexa duro, soamente digo que hai que poñerse no lugar do outro, porque é a única maneira de comprender as cousas.

Pero cando traballan os dous fóra da casa, ten que ser a muller a que faga todo? Pois non, porque eu saiba, as mulleres non temos a obriga de facer as tarefas domésticas e coidar

dos fillos só por sermos mulleres. Porque os fillos non os facemos soas, verdade? E non só estades cansados vos, e tamén tedes dúas mans, coma nós, para facer as cousas.

Cando os nenos imos medrando, aprendendo cousas e cumprindo anos, gústanos que se nos vexa coma adultos, non como nenos. Pois ben, se queres ser adulto, telo que ser para todo, non só para o que che convén. Cando temos unha certa idade podemos contribuír nas labores a casa, ir adquirindo responsabilidade, madurez... esas cousas que ten o facerse adulto. Nós presumimos de ser adultos porque temos 16, 17, 18, 19... anos, pero as nosas condutas non o reflicten.

É moi bonito e cómodo que che dean todo feito, pero eu creo que





# UNIDOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



estamos nesta vida para aprender e evolucionar como persoas que somos. Eu ás nais véxoas como o mellor, como esas persoas que merecen todo o teu amor e respecto. Creo que o noso deber é axudar aos nosos pais en todo o que poidamos, acaso escoitastes queixarse aos vossos pais de que teñen que traballar?. Ao mellor si, pero seguen traballando e sacrificándose por darnos todo o que poden e máis; e nós, se nos mandan pasar a aspiradora, facer a comida... queixámonos e isto é inxusto e de nenos pequenos. Se queres que te traten coma un adulto compórtate como tal.

Espero que vos fixera reflexionar e que actuedes en consecuencia e que valoredes o traballo da vosa nai na casa. E senón, cando sexades vos os que teñades que traballar fóra da casa, darédesvos conta de que levar unha casa implica traballo.

Gustaríame que todos vós, cando fagades unha distinción entre unha persoa e outra, non sexa porque é de distinto sexo ou raza. As persoas diferenciámonos pola nosa forma de ser e de pensar.

Ser empático e humilde, baixo o meu punto de vista, é esencial para andar pola vida adiante.

Loitade porque existe a igualdade, todos saímos gañando.

YOLANDA LÓPEZ GARABATOS, B2C



O día 24 de novembro, Luz Darriba reuniu a xuventude de distintos institutos para facer un acto contra a violencia de xénero, que consistía en formar palabras con persoas (un encrucillado). Este acto levado a cabo na praza de Obradoiro de Santiago xuntou a máis de 2000 xóvenes de tódolas partes de Galiza.

Os que fomos dende o IES: Nuria Álvarez, Cristina Rúa, Marta Pájaro, Sandra Rodríguez, Nuria Mejuto, Uxía Fuciños, Carmen Monterroso, Olaya Vázquez, Sandra Abad, Yolanda López, Inma Laya e por suposto Gutier Penas, que foi a única representación masculina deste centro, polo que merece unha especial valoración.

Persoalmente estamos descontentas pola falta de participación por parte do alumnado, e quedamos coa duda de se a xente non é consciente do gran maltrato que hai na sociedade ou se todo lles dá igual.

Aínda que o tempo non acompañou non nos demos por vencidos e rematámos a tarefa o mellor que se puido. Cremos que falamos en nome de todos cando dicimos: valeu a pena mollarse polo apoio contra a violencia de xénero.